

TEMA 3. A aula invertida / Flipped Classroom



Moi ligado ao uso das redes sociais no eido educativo atopamos un novo concepto do que se ven falando e do que seguro que ides escoitar falar moito: aprendizaxe invertida ou “flipped learning”.

Un dos xeitos de traballar con aprendizaxe invertida e o punto que nos abrangue neste tema: a aula invertida. Antes de falar dela imos facer unha breve introdución sobre a aprendizaxe invertida.


A aprendizaxe invertida (Flipped Learning)



A revista *The Flipped Learning Network* (A rede da aprendizaxe invertida) definiu a aprendizaxe invertida como: un enfoque pedagóxico no que a instrución directa moveuse desde o espazo de aprendizaxe colectivo ata o espazo de aprendizaxe individual, e o espazo resultante transfórmase nun ambiente de aprendizaxe dinámico e interactivo no que o educador guía aos estudantes segundo vanse aplicando os conceptos e pode participar de xeito creativo na materia.

A *Flipped Learning Network* (FLN) optou por sacar unha definición “oficial”, xunto a outras recomendacións, xa que moitas docentes estaban confundido a aprendizaxe invertida con tan só gravar unha serie de vídeos didácticos ou explicativos para que os alumnos os empregasen fora das horas lectivas. A FLN advirte de que o vídeo é un dos compoñentes da aprendizaxe invertida pero que non se limita só a iso. Indican tamén a súa vez que o máis valioso é o mellor uso do tempo de clase para que os estudantes participen en actividade que impliquen o desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe de nivel superior.

Resulta evidente que os propios docentes de referencia en aprendizaxe invertida advirten que este enfoque non ten que supoñer un perda de calidade do noso traballo na aula convencional senón que debemos facer todo o posible para que apoiándonos na aprendizaxe invertida fora desas horas o noso alumnado saque o máximo proveito de todo o proceso educativo.



Así mesmo a FLN elaborou catro puntos que denominou os “4 piares básicos do aprendizaxe invertida” e que pasamos a expoñer:

Contorna flexible

Os educadores crean espazos adaptables onde o alumnado elixe cando e onde aprenden. Ademais, os educadores que inverten as súas aulas, son flexibles nas súas expectativas e nos tempos de aprendizaxe na avaliación dos estudantes.

Cultura de aprendizaxe

O modelo de aprendizaxe invertido cambia deliberadamente a instrución cara un enfoque centrado no alumno, no que o tempo de clase dedícase a explorar os temas con maior profundidade e crear máis oportunidades de aprendizaxe. Os estudantes participan activamente na construción do coñecemento, xa que participan e avalían o seu aprendizaxe dun xeito que pode ser persoalmente significativa.

Contido intencional

Os educadores pensan continuamente sobre como poden empregar o modelo de aprendizaxe invertida para axudar ao alumnado a desenvolver a comprensión conceptual e a fluidez do procedemento. Os profesores empregan contido intencional para maximizar o tempo de clase co fin de adoptar métodos e estratexias activas de aprendizaxe centrados no estudante.

Educador/a profesional

Os educadores profesionais observan continuamente ao seu alumnado, proporcionándolles retro-alimentación relevante en cada momento así como avaliación do seu traballo. Os educadores profesionais son reflexivos na súa práctica, levan a cabo interaccións entre eles para mellorar a calidade da súa docencia, aceptan a crítica construtiva e toleran o “caos controlado nas súas aulas”




A aula invertida (flipped classroom)

Como xa imaxinades o concepto de aula invertida vai moi ligado ao de aprendizaxe invertido. Poderíamos dicir que é a posta en práctica dun xeito real do antes falado.

Un resumo moi breve do que poderíamos entender por aula invertida é aquela na que o docente decide trasladar parte da “lección maxistral” ou exposición na aula ao alumnado mediante materiais diversos, habitualmente audio-visuais, elaborados polo propio docente.

O alumnado ten a responsabilidade de previamente a sesión traballar neses contidos para despois na sesión ou sesións presenciais na aula real do centro poder realizar un maior número de actividades, realizar afondamentos en contidos específicos, resolver dúbidas, etc.

Este é un concepto moi amplo e un tanto utópico como estaredes pensando. Como exercicio de desenvolvemento deste concepto inicial propónse unha división en 7 tipos de aula invertida que poderemos aplicar nos nosos procesos educativos segundo precisemos:



1. AULA INVERTIDA ESTÁNDAR

Ao alumnado asígnaselle a tarefa de visualizar vídeo-leccións, lectura de materiais e calquera outro material relevante a clase que vai ter lugar o vindeiro día. Durante este tempo na aula o alumnado practica o que aprenderon pola súa conta con traballo escolar convencional mentres que os docentes quedan liberados para adicar máis tempo ao trato personalizado aos alumnos ou grupos deles que o precisen.

2. AULA INVERTIDA ORIENTADA A DEBATE

Os docentes encargan a visualización de vídeos, lectura de artigos ou calquera outro material referido ao que se vai tratar no vindeiro día. O tempo na aula é dedicado a discutir e explorar sobre ese tema. Esta metodoloxía pode ser especialmente proveitosa en materias nas que o contexto é fundamental como historia, artes, linguas, etc.

3. AULA INVERTIDA ORIENTADA A EXPERIMENTACIÓN

Especialmente pensada para materias nas que se require unha repetición exacta de actividades, como física ou química, nas que é de moita axuda ter unha demostración audiovisual na que poder avanzar cara diante e atrás. Neste modelo o docente pode empregar un programa informático para gravar a pantalla do seu propio ordenador para amosar ao alumnado os procesos a seguir na tarefa.

4. FALSA AULA INVERTIDA (APROXIMACIÓN A AULA INVERTIDA)

Esta estratexia é perfecta para o alumnado máis novo no que pode non ser recomendable aínda a encarga de realizar tarefas na casa. Aquí damos a oportunidade a estes alumnos de que visualicen os vídeos nos dispositivos na propia aula onde o docente pode moverse de alumno a alumno ofrecendo a axuda personalizada que cada un deles requira. Esta metodoloxía é a aproximación perfecta para o alumnado máis novo e para o emprego da aula invertida nun futuro.

5. AULA INVERTIDA BASEADA EN GRUPOS

Neste modelo engadimos un novo elemento para axudar os estudantes a aprender, neste caso

dos demais. A aula comeza do mesmo xeito que as demais, con video-leccións e outros recursos antes da aula. O cambio aparece cando o alumnado chega a clase onde se unen en equipos para traballar conxuntamente nas tarefas dese día. Este formato implica ao estudantes a aprender dos outros e axudar aos demais membros do grupo, non só dándolle as respostas correctas senón explicándose entre eles por que o son.

6. A AULA INVERTIDA VIRTUAL

Para estudantes máis avanzados a aula invertida pode eliminar totalmente a necesidade de tempo de aula na súa totalidade. Nalgunhas universidades os docentes comparten video-leccións para a visualización por parte do alumnado, encargando e recollendo traballos de xeito virtual e requirindo ao alumnado asistir as horas de tutoría en quendas programadas para unha atención personalizada baseada nas necesidades particulares de cada un deles.

7. INVERTER AO PROFESOR

Non todos os vídeos creados para unha aula invertida teñen que ter como inicio e fin ao docente. O alumnado tamén pode crear vídeos para demostrar a súa eficiencia. Podemos encargar aos estudantes gravar as súas propias sesións de prácticas para amosar as competencias adquiridas ou tamén filmarse a eles mesmos presentando novos contidos ao docente, o que se chama “ensinar ao profesor”

Aula invertida e redes sociais educativas

Nos primeiros temas desta formación falabamos da aula invertida como unha replicha da nosa aula na rede social que creamos. Temos que aproveitarnos das vantaxes que ten cada unha destas posibilidades para sacar o máximo proveito tanto a metodoloxía da aula invertida como ao propio feito de ter unha rede social coa que comunicarnos co alumnado e comunicarse entre eles mesmos.

Da lectura da parte anterior deste tema non se deduce que a priori para realizar unha aula invertida sexa necesario ter un grupo nunha rede social propia, ao fin e o cabo trátase de encargar a visualización duns vídeos os alumnos.

Pero e se a todo o potencial que ten ese vídeo engadímoslle a posibilidade de que os receptores finais do mesmo, o alumnado, poda expresar as súas dúbidas, opinións, razoamentos finais, en tempo real segundo vaino visualizando? Isto é posible grazas a rede e ao grupo creado por nos. De feito, unha tarefa engadida podería ser que sempre que se visualice unha das vídeo-leccións cada alumno tivera que expresar unha pregunta con respecto ao material que acaba de visualizar.

Estas cuestións será moi importante para nós na tarefa docente xa que son unha expresión e reflexión directa do que o noso alumnado precisa e que empregaremos para realizar a sesión posterior a visualización.

Así mesmo a existencia desta “aula virtual” que pode ser o grupo que creamos para cada unha das nosas aulas na rede apórtanos a posibilidade de poñer moito máis en valor aspectos referidos por exemplo aos tipos de aula invertida 7 e 2.

É fundamental non esquecer a reflexión da Flipped Learning Network, onde dicían que o audiovisual é fundamental pero non é todo na aula invertida. O importante e manter a interacción co noso alumnado na aula.